



# PLAN DIXITAL

## CEIP Sagrada Familia

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

#### C.E.I.P Sagrada Familia

Ronda de Outeiro 211, 15007 A Coruña

**Correo electrónico:** [ceip.sagrada.familia@edu.xunta.gal](mailto:ceip.sagrada.familia@edu.xunta.gal)

**Páxina web do centro:** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsagradafamilia/>

O colexio consta de 24 unidades: 6 en Educación Infantil e 18 de Educación Primaria, cun total de 535 alumnas e alumnos.

A maioría do profesorado, 37 dun total de 45 que conforman o claustro, ten destino definitivo no centro, o cal é unha vantaxe á hora de implicación e continuidade có plan.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Sagrada Familia está situado na Ronda de Outeiro, preto do barrio que leva o seu mesmo nome.

Trátase dun barrio con boa infraestrutura a nivel de servizos para a comunidade: biblioteca municipal, complexo deportivo, pavillón dentro do mesmo recinto do colexio, ambulatorio preto.... Este barrio conta tamén cun centro cívico (Os Mallos) e o Ágora.

O alumnado é de condición socio-cultural moi variada: acoden ao noso centro nenos e nenas de minorías étnicas, inmigrantes de diversas nacionalidade (África, Sudamérica, China....), alumnado con necesidades educativas especiais, alumnado de nivel socio-económico medio- baixo....todo iso fai que o seña de identidade do noso colexio sexa a diversidade. A incorporación de novo alumnado, a case totalidade de orixe estranxeiro, é constante ao longo do curso.

Propoñemos implementar o PD no noso centro nos seguintes documentos e ámbitos.

No PEC, pendente de reformar, incluíriase como un obxectivo en toda a súa amplitude, por tratarse dun documento con maior proxección no tempo.

Contribuiría aos seus obxectivos nestes ámbitos:

- No ámbito de xestión e organización facilitar ao profesorado a dotación de recursos suficientes para o desenvolvemento máis satisfactorio posible da súa actividade docente.
- No ámbito institucional favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente.

De cara ao vindeiro curso, na PXA salientarase o Plan anual dixital como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital do centro que precisará da implicación de todo o claustro para o seu desenvolvemento. Propoñeranse algúns obxectivos concreto de entre todas as facetas que abrangue dito plan. Ao final de curso avaliarase o seu logro.

O plan lector será o tempo de ler, un espazo de tempo moi axeitado para consolidar nos alumnos a afección pola lectura inclusive en medios dixitais.

No ámbito institucional, demandaremos formación e medios para avanzar progresivamente no perfeccionamento do PD.

Nas relacións con diferentes membros da comunidade educativa, procurarase dar a maior visibilidade e coñecemento posible do PD, co fin de que o valoren e repercuta así a súa importancia en todo o alumnado.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

O plan dixital pretende mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.

É preciso facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimizar a xestión dos recursos humanos e materiais do centro para, así, dar resposta a unha realidade social en permanente cambio e cun uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación e cunha necesidade de aprendizaxe permanente na competencia dixital.

### 1.4. Proceso de elaboración

O centro solicitou un PFPP de dúas liñas:

- Liña 1: Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital
- Liña 2: Biblioteca escolar.

Cos seus respectivos itinerarios, o plan dixital do centro (20 horas) e a Biblioteca escolar (30).

O grupo de traballo para a elaboración do plan dixital estivo formado polos integrantes do equipo TICs.

A partir do estudo dos resultados do SELFIE e o CDD, elaborouse o DAFO, punto de partida para o plan de acción cos obxectivos, do Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Infraestrutura dixital:**

En canto a conectividade tanto interna como externa que existe no noso centro temos que falar de:

- Infraestrutura de datos: temos acceso a internet e dispoñemos dun router proporcionado pola Consellería.
- Infraestrutura de voz (telefonía): contamos con VOZ IP
- Rede wifi recién instalada.
- Conexión cableadas, sen fíos e electrónica de rede: WIFI-LAN. Puntos de acceso WIFI en todas as aulas.

- **Equipamento:**

O conxunto de dispositivos tecnolóxicos cos que contamos para o desenvolvemento das nosas funcións está formado por:

- Aulas dixitalizadas con conectividade e posibilidade de visualización, aínda que non todas con interacción.
- Postos de traballo de xestión e administración do centro.
- Uso na biblioteca: xestión de catálogo de libros, consulta...
- Dous equipos para uso na sala de profesores.
- Tres aulas de informática.

O centro dispón, ademais, de asistencia técnica para a xestión e mantemento do equipamento do centro.

- **Servizos dixitais educativos:**

Son os que nos facilitan a xestión docente. Aquí temos:

- O correo electrónico, co que contamos todos os mestres do claustro.
- A páxina web do centro.
- A aula virtual.
- O espazo Abalar.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

As fontes empregadas para o análise DAFO foron a Autoavaliación SELFIE e o Test CDD. O resumo da información das áreas do informe SELFIE recóllese na seguinte táboa.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	3				
	Alumnado	3,5				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	3,5				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	3,3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1,6				
	Profesorado	2,2				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	3,7				

Do Test CDD obtense a seguinte información, por unha banda, a participación segundo o perfil do profesorado participante no Test CDD, e por outra, a información sobre a puntuación a nivel de competencia do centro e por etapas.

### Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	29	33	87,90%
PROVISIONAL	3	3	100,00%
INTERINO	4	4	100,00%
SUBSTITUTO	0	3	0%
DESPRAZADO	1	4	25%

### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
64,2	Explorador (A2)	76,4	Integrador (B1)

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	58,7	Explorador (A2)	68,2	Integrador (B1)
PRI	64,4	Explorador (A2)	77	Integrador (B1)

### Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	5,40%
A2	20	54,10%
B1	12	32,40%
B2	1	2,70%
C1	2	5,40%
C2	=	=
TOTAL	37	100,00%

## 2.3. Análise DAFO

A partir do informe SELFIE, do test CDD e da observación directa e sistemática, chegamos a unha análise DAFO que nos permite coñecer a realidade do noso centro no eido dixital. Revisamos todas as áreas temáticas para identificar valores promedio especialmente altos ou baixos. Deste xeito facemos unha lectura detallada de cada área, comparando diferencias importantes entre ítems e entre as respostas promedio de cada grupo. É así como chegamos a ver aspectos chamativos e posibles causas. Esta análise facilitaranos a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	O centro conta con infraestrutura, dispositivos, acceso a internet e asistencia técnica.	

<b>CATEGORÍAS</b>	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	Facilidade para buscar recursos educativos en liña. Canles de comunicación entre a comunidade educativa.  Valórase a importancia do DPC e se ten acceso a él. Reflexión sobre as vantaxes e desvantaxes de empregar as tecnoloxías para a aprendizaxe.	Discrepancia entre o equipo directivo e o profesorado en canto a formación en novas modalidades de ensino. Falta de tempo para crear materiais para a aprendizaxe. Discrepancia entre o equipo directivo e o profesorado en canto a valoración do proceso de ensino aprendizaxe con tecnoloxías. Falta de colaboración con outras organizacións. O profesorado considera que se adaptan as tecnoloxías ás necesidades do alumnado. O equipo directivo non tanto. Escaso traballo de Proxectos interdisciplinar. Escasa práctica de avaliación por competencias e con instrumentos dixitais.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
	<b>ALUMNADO</b>	Dispositivos dixitais suficientes. Comportamento seguro e responsable. Verifícase a calidade da información	
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>	Novas modalidades de ensino.	
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Asistencia técnica. O equipo directivo involucra ao profesorado na estratexia dixital de centro.	Comunicación e colaboración para compartir experiencias. Estratexia dixital básica.

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Infraestruturas, dispositivos e acceso a internet.	
	<b>LEXISLACIÓN</b>	Protección de datos.	
	<b>CONTORNA</b>		Aspectos demográficos: continua incorporación alumnado doutras culturas. Nivel socioeconómico e cultural.
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		Falta de colaboración con outros centros. Aínda que si existe con ONGs e co Concello.

Despois de recompilar os datos a través do Selfie e do CDD, é o turno da reflexión:

No Selfie observamos unha participación baixa no grupo de profesorado e no de alumnado, quizais por iso a media das puntuacións en cada unha das áreas é alta. Pensamos que precisamente participou o profesorado do centro máis involucrado e máis preparado.

Os porqués desta realidade situámoslos en dúas posibles causas:

- A extensión e complexidade dos ítems, que poden repercutir nunha contestación arbitraria.
- A ausencia de adaptación do test ás diferentes etapas (fundamentalmente Infantil e 1ºciclo de Primaria)

En canto o baixo índice de participación do alumnado, consideramos que é a consecuencia dun fallo docente, posto que se puxo a disposición dos grupos a aula virtual e a hora de informática,



para que cada titor o puidese facer co seu grupo. Aínda así a participación foi dun 44% do alumnado de 5º e 6º cursos.

Ante esta realidade a puntuación obtida nos perfiles de profesorado e alumnado é alta, polo que para analizar os datos establecemos unha puntuación media de 3.

Por outra banda, nalgúns ítems hai diferenzas significativas entre usuarios. Quizais o equipo directivo adopta unha visión máis estrita da realidade. Polo contrario o profesorado ve máis fortalezas. Isto tamén pode deberse a que participou a totalidade do equipo directivo, e menos da metade do profesorado (que pode ser o máis preparado). E o alumnado segue nesa brecha optimista.

Tanto o profesorado como o alumnado consideran que teñen as competencias dixitais suficientes. Non o ve deste xeito o equipo directivo, que considera que poden ser competentes para o que están facendo neste momento, pero non para seguir afondando e abrindo novos camiños.

No punto no que si conflúen ambos usuarios e na área a que ambos outorgan a menor puntuación: Prácticas de avaliación. Aquí observamos unha debilidade.

O centro conta con aula de informática, wifi recén posta e ordenadores e pantallas nas aulas; restaría por acadar que todas esas pantallas foran interactivas. Por iso os tres perfiles de usuarios sitúan en fortaleza a infraestrutura coa que se conta.

Ademais dos medios, o persoal docente é consciente da importancia do DPC. A relación do nivel do profesorado cos entornos virtuais no CDD, no que o índice de participación foi alto, sitúa o persoal no nivel Explorador A2. En Infantil, por exemplo, sitúase por debaixo da media de Galiza, que é Integrador.

Necesítase formación en avaliación dixital, licenzas, creación de recursos...

Observadas tanto fortalezas como debilidades, e oportunidades como ameazas, chegamos o momento de definir obxectivos e accións a seguir.

### 3. Plan de Acción

O plan de acción desenvolverase durante o curso 2022-2023 coa finalidade de acadar os obxectivos propostos no mesmo. Partirase dos recursos materiais existentes no centro ao inicio do curso, tendo en conta a súa posible evolución. Supón a implicación de todo o claustro de profesorado e a Consellería.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise do DAFO e a conseguinte reflexión establécense tres áreas prioritarias de mellora:

- A infraestrutura e equipamento
- Desenvolvemento profesional continuo.
- Prácticas de avaliación

Cada unha destas áreas ten un obxectivo medible, realista e cunha temporalización determinada.

### a) Área de mellora: A infraestrutura e equipamento.

Nos resultados do SELFIE os tres perfiles de usuarios sitúan en fortaleza a infraestrutura coa que se conta, pero o equipamento precisa dunha renovación e actualización.

- **Obxectivo 1:**

- Actualizar e aumentar o número de dispositivos dixitais dispoñibles, (aínda que o equipamento e infraestrutura é considerado como unha fortaleza, non así o número e actualización de dispositivos nin o número de pantallas interactivas).

Responsable: Equipo directivo

Preténdese chegar á totalidade de dispositivos actualizados e/ou adquiridos.

Accións a desenvolver:

- Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro (ordenadores, PDIs, ratos, altofalantes...)

Responsables: Equipo TICs

Data prevista fin: 16 Decembro 2022

Recursos necesarios: Informático externo, equipo directivo, claustro e parte de incidencias e estado.

### b) Área de mellora: Desenvolvemento profesional continuo.

O persoal docente é consciente da importancia desta área, o que terase en conta para futuras formacións no centro ou a nivel individual.

A relación do nivel do profesorado cos entornos virtuais no CDD, no que o índice de participación foi alto, sitúa o persoal no nivel Explorador A2. En Infantil, por exemplo, sitúase por debaixo da media de Galiza, que é Integrador. Necesítase formación en avaliación dixital, licenzas, creación de recursos...

- **Obxectivo 2:** Mellorar a competencia dixital do profesorado compartindo distintos recursos, programas e ferramentas.

Preténdese acadar 4 programas/recursos /ferramentas compartidos.

Data prevista fin: 20 de xuño de 2023

Accións a desenvolver:

- Seleccionar programas, recursos e ponentes para accións formativas.

Responsables: Equipo TICs

Data prevista fin: 31 Outubro 2022

Recursos necesarios: Aulas TIC actualizadas, programas

- Realizar accións formativas.

Responsables: Profesorado competente seleccionado.

Data prevista fin: 31 de maio de 2023.

Recursos necesarios: Poñentes profesores, aulas TIC, programas, dispositivos, horario dispoñible

- Creación de actividades poñendo na practica os coñecementos compartidos.

Responsables: asistentes á formación.

Data prevista fin: 31 de maio de 2023.

Recursos necesarios: Ordenador, programas, aula virtual, conexión a internet.

### c) Área de mellora: Procesos de avaliación.

Neste punto coinciden o alumnado e o profesorado en outorgarlle unha baixa puntuación, é claramente unha debilidade.

- **Obxectivo 3:** Desenvolver instrumentos de avaliación da Competencia Dixital.

Responsable: A xefatura de estudos

Preténdese acadar 9 rúbricas creadas (1 por cada nivel de Educación infantil e primaria)

Data prevista fin: 20 de xuño de 2023

Accións a desenvolver:

- Transmitir ás persoas coordinadoras de nivel (e ao resto do profesorado) a idea do que se busca acadar.

Responsables: Equipo TICs

Data prevista fin: 31 Outubro 2022

Recursos necesarios: Convocatoria e constitución do equipo Tic's do curso 22-23 e exemplos de rúbricas.

Elaborar a proposta dos items que serán tidos en conta para avaliar mediante as rúbricas.

Responsables: Equipos de nivel/ciclo.

Data prevista fin: 31 de marzo de 2023.

Recursos necesarios: Acta de reunión de nivel, modelos de táboas de items e exemplos de rúbricas.

- Establecer o reparto dos items para cada nivel, elaborar o documento final coas 9 rúbricas e compartilo na AV.

Responsables: CCP.

Data prevista fin: 31 de maio de 2023.

Recursos necesarios: Exemplos de rúbricas e documento co formato de presentación das rúbricas

## 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para establecer as necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos partimos da nosa infraestructura e situación actual.

### INFRAESTRUTURA DIXITAL:

- Infraestructura de datos: Dispoñemos dun ROUTER proporcionado pola Consellería.
- Infraestructura de voz(Telefonía): Contamos con VOZ IP.
- Conexión cableadas,sen fíos e electrónica de rede: WIFI-LAN. Puntos de acceso WIFI en todas as aulas.

### EQUIPAMENTO:

Na aula de informática contamos cos equipos da Consellería.

Dispoñemos de 24 ordenadores de sobremesa.

Na aula denominada ALCOA dispoñemos de 13 ordenadores de sobremesa

Nas aulas dispoñemos de ordenadores de sobremesa ou portátil:

13 ordenadores de sobremesa e 4 portátiles

Nas aulas de 5º e 6º contamos con portátil e PDI proporcionado pola Consellería. En 5º C dispoñemos dun portátil gañado nun concurso.

Dispoñemos de 17 proxectores.

1 PDI nunha aula

3 Monitores interactivos en 3 aulas.

Como necesidades de mellora consideramos a necesidade de avaliar o estado do equipamento dixital do centro para retirar o que estea obsoleto e completar cos equipos necesarios nos diferentes espazos do centro, así como ir cubrindo as clases con PDI ou monitores interactivos para continuar a dixitalizar o centro dun xeito óptimo.

Precisaríamos:

- Renovar os 24 ordenadores da aula de informática.
- Renovar os 13 da aula denominada ALCOA pois a memoria RAM e de 2GB, 3 GB e 4 GB, agás 1 que é de 8GB.
- Ademais necesitaríase a substitución dos proxectores das aulas por 17 PDIs ou tableiros interactivos.

Área/s de mellora: C- INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Actualizar e aumentar o número de dispositivos dixitais dispoñibles.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Cantidade de dispositivos actualizados e/ou engadidos.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Ningún dispositivo actualizado ou engadido.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% dos dispositivos actualizados e/ou adquiridos.			30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro (ordenadores, PDIs, ratos, altofalantes...).	Equipo TICs	16 Decembro 2022	Informático externo. Equipo directivo. Claustro. Parte de incidencias e estado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Revisar e eliminar o material obsoleto e inservible.	Equipo TICs	16 Decembro 2022	Equipo TICs		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3::Actualizar e solicitar o equipamento dixital necesario para as nosas necesidades	Equipo TICs Equipo directivo	30 de xuño 2023	Informático externo contratado polo centro Coordinadora TICs Dotación da Consellería		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>Área/s de mellora: D- DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO</b>						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Mellorar a competencia dixital do profesorado compartindo distintos recursos, programas e ferramentas.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinadores de nivel				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de programas/recursos /ferramentas compartidos					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 programas/recursos /ferramentas compartidos					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	4 programas/recursos /ferramentas compartidos			20 de xuño de 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
AO1.1:Seleccionar programas, recursos e poñentes para accións formativas	Equipo TIC	31 Octubre 2022	Aulas TIC actualizadas, programas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Realizar accións formativas	Profesorado competente seleccionado en AO1	31 Mayo 2023	Poñentes, aulas TIC, programas, dispositivos, horario dispoñible		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Creación de actividades poñendo na practica os coñecementos compartidos	Asistentes á formación	31 Mayo 2023	Ordenador , programas, aula virtual, conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: G PROCESOS DE AVALIACIÓN						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Desenvolver instrumentos de avaliación da Competencia Dixital.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Xefatura de Estudos.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Nº de rúbricas creadas e compartidas na Aula Virtual sobre a Competencia Dixital.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 rúbricas creadas e 0 rúbricas compartidas na Aula Virtual.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	9 rúbricas creadas (1 por cada nivel de Educación Infantil e Primaria).			20 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Transmitir ás persoas coordinadoras de nivel (e ao resto do profesorado) a idea do que se busca acadar.	Equipo de Tic's.	31-outubro-2022	-Convocatoria e constitución do equipo Tic's do curso 22-23. -Exemplos de rúbricas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaborar a proposta dos items que serán tidos en conta para avaliar mediante as rúbricas.	Equipos de Nivel/Ciclo.	31-marzo-2023	-Acta de reunión de nivel. -Modelos de táboas de items. -Exemplos de rúbricas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Establecer o reparto dos items para cada nivel, elaborar o documento final coas 9 rúbricas e compartilo na AV.	CCP	31-maio.2023	-Exemplos de rúbricas. -Documento co formato de presentación das rúbricas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## 4. Avaliación do plan

Os obxectivos do plan dixital serán avaliados nas reunións do equipo TIC os meses de novembro (1º trimestre), marzo (2º trimestre) e xuño (3º Trimestre).

Valorando:

- Estado das accións
- Análise e valoración dos resultados.
- Posibles modificacións de accións
- Propostas de mellora

Avaliación Final: Derradeira reunión do equipo Tic no mes de xuño (final de curso)

Valorar:

- Logro dos obxectivos
- Propostas de mellora

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

No último consello e claustro do curso 2021-2022 se presentará o plan dixital para a súa aprobación e informarase que estará accesible na Aula Virtual, na categoría Area do profesorado/documentación e na categoría Información e documentación familias.

Cando o plan dixital esta accesible na aula virtual na "área do profesorado" e "información e documentación familias" enviarase unha comunicación por abalar, explicando a forma de consultalo plan.